



## ACTA DA REUNIÓN 14 DE OUTUBRO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO DO CPD E SERVIZO DE MANTEMENTO.

Presidente:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

D<sup>a</sup>. Concepción Burgo López  
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María del Carmen Fernández da Silva  
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

Secretario:

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 10,45 horas do **14 de outubro de 2014**, reúnese a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD e servizo de mantemento.

### Orde do día:

Punto primeiro: Estudo da xustificación da oferta presentada por Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a. e do informe técnico elaborado polo servizo de Tecnoloxías da Información.

Punto segundo: Elaboración, si procede, de proposta de clasificación de ofertas.

### De seguido procédese a:

Punto primeiro: Estudo da xustificación da oferta presentada por Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a. e do informe técnico elaborado polo servizo de Tecnoloxías da Información.

A Mesa de Contratación estuda a xustificación da oferta, presentada con data de 7 de outubro pola empresa Sistemas avanzados de tecnoloxía, s.a. no que, basicamente, xustifica a súa proposición en que son partners platinum do fabricante NetApp, no que basan a súa solución técnica, en que non necesitan subcontratar persoal alleo á súa empresa, en que apenas plantexou melloras hardware avaliáveis e, finalmente, na procura da obter o maior rendemento á relación puntos/custe centrándose nos criterios que lle beneficiaban e omitindo os que apenas aportaban valor comprometéndose, en todo caso, á execución do contrato segundo as condicións expostas na oferta técnica e económica presentada.

A continuación estudase o informe técnico elaborado polo servizo de Tecnoloxías da Información de 8 de outubro, no que se conclúe que as razóns expostas pola empresa xustifican suficientemente o contido da oferta.

Punto segundo: Elaboración, si procede, de proposta de clasificación de ofertas.

Á vista da xustificación presentada pola empresa e do informe do servizo de Tecnoloxías da Información, a Mesa de Contratación acorda dar por suficientemente xustificada a oferta presentada por Sistemas avanzados de tecnología, s.a.

Segundo o informe do servizo de Tecnoloxías da Información de 25 de setembro, a puntuación obtida polas empresas concorrentes foi a seguinte.

Empresa	Criterios sometidos a xuízo de valor	Criterios por aplicación de fórmulas	Puntuación total
Internacional periféricos y memorias España, s.l.	37,00	20,65	57,65
Sistemas avanzados de tecnología, s.a.	21,50	55,14	76,64

Polo tanto a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento o seguinte:

1.- Clasificar as ofertas presentadas na seguinte orde:

- 1º. Sistemas avanzados de tecnología, s.a.
- 2º. Internacional periféricos y memorias España, s.l.,

2.- A aceptación da proposición de Sistemas avanzados de tecnología, s.a., incurso en baixa desproporcionada, por estimar que xustificou adecuadamente a oferta presentada e pode ser cumprida.

3.- Requirir á empresa clasificada en primeiro lugar, Sistemas avanzados de tecnología, s.a., para que presente a documentación do apartado 6 da cláusula décimo primeira que incluírá, á vista da cláusula oitava, unha garantía complementaria por valor do 5% do prezo de adxudicación, para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 11,05 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Concepción Burgo López Vogal
 María Aneiros González Vogal	 María del Carmen Fernández da Silva Vogal
	 Santiago González Serrano Secretario